

«Para min é fundamental que en toda a miña obra haxa un motivo social»

[Gabriela Barreiro](#) Vigo

2 de decembro de 2025

<https://www.farodevigo.es/faroeduca/2025/12/02/francisco-alvarez-koki-escriptor-e-animador-cultural-para-min-e-fundamental-que-en-toda-a-mina-obra-haxa-un-motivo-social-124353340.html>

Hai escritores que viaxan para buscar historias, e outros, como **Francisco Álvarez «Koki»**, foi a propia vida a que impuxo a viaxe. Emigrou, como tantos galegos, e nese tránsito descubriu que a palabra podía converterse nunha ponte entre dúas beiras: Galicia e Nova York, a terra que se deixa e a que te acolle. A súa obra nace dese diálogo constante, desa necesidade de nomear a memoria, a identidade e a lingua para que non se perdan no ruído doutros mundos. Agora regresa cun novo título, Barco de papel, **un libro que continúa esa exploración íntima das raíces e do vínculo coa terra**, reafirmando a súa voz como unha das máis persoais e comprometidas da diáspora galega.

– **Cando e como naceu en vostede a vocación pola escritura, e en particular pola poesía?**

– A verdade é que eu creo moito no «duende», como dicía Lorca. De rapaz escribín algún poema con doce anos, como calquera, cousas soltas nun momento determinado, pero nunca tiveron esa idea de «quero ser poeta». A miña vocación primeira era outra: eu quería ser ciclista. Despois, por diferentes razóns fun descubrindo que a poesía servía mellor ca nada para combater, dalgunha maneira, o que eu vía como inxustizas.

– **Vostede non naceu como autor de literatura infantil, mais hoxe ten unha traxectoria importante nese ámbito. Como se produce ese xiro?**

– Nunca fun, de entrada, un autor de libros para nenos. Iso chegou coa emigración. Cando marchei para Nova York e comecei a ir ao Centro Galego, a Casa Galicia, vin algo que me impactou moitísimo: os galegos falaban entre eles en galego, pero cando chegaban os nenos cambiaban de idioma e pasaban ao castelán. Iso para min era incomprensible. A partir dese choque nace o meu primeiro libro para nenos, Un neno na emigración. Conta a historia dun rapaz que fala galego en Galicia, emigra a Nova York, aprende outras linguas, coñece outros nenos na escola...

pero sempre conserva o galego, segue falando galego cos pais. É unha aventura, si, mais tamén unha defensa da lingua en calquera circunstancia. E a partir de aí foron chegando outros libros para nenos.

– Comezou como poeta e máis tarde adentrouse na narrativa. Como conviven esas dúas facetas?

– A narrativa xorde dun modo semellante: como necesidade de contar cousas. Ratas en Manhattan, por exemplo, naceu porque eu quería escribir sobre esa outra cara do soño americano, a dos perdedores, daqueles que non triunfan. Sempre me sentín máis poeta ca narrador, e as miñas narracións son máis ben relatos curtos, pero era un libro que tiña que facer.

– Como evolucionou a súa voz literaria desde os anos 90 ata hoxe?

– Evolucionas coa vida, coa técnica e coa experiencia. Non ten nada que ver a poesía que escribía con vinte anos coa que fago agora. A convivencia con poetas doutras culturas, en Nova York e en España, ampliouse a visión. Mantéñome entre dúas liñas: a poesía social e a poesía amorosa ou erótica. Para min é fundamental que en toda a miña obra haxa un motivo social. Eu non pretendo descubrir nada nin inventar a arte, porque xa está todo inventado, pero si necesito que o que escribo teña unha función, unha responsabilidade.

– Ao longo da súa traxectoria escribiu en galego e en castelán. Como decide en que lingua nace cada obra?

– O galego é a miña lingua de identidade, moi enraizada, pero en Nova York todo o meu contacto literario foi coa comunidade hispana. A lingua elíxena a propia obra

– Diría que vivir lonxe de Galicia lle permitiu vela doutro xeito?

– Si, tristemente. Fóra atopas xente á que non lle importa nada Galicia, e outros que teñen unha Galicia do século XIX na cabeza. Ves o país con máis claridade e tamén con máis dor.

– Que supuxo para vostede vivir en Nova York, tanto a nivel persoal coma creativo?

– Nova York non ten nada que ver co resto dos Estados Unidos. Para min é un país sen patria: alí somos todos emigrantes. Atopas xente de todas partes, moitos artistas, aprendes continuamente. Foi un aprendizaxe fundamental na miña vida.

– Cre que a cultura galega ten hoxe máis visibilidade internacional?

– Hai máis visibilidade en certos aspectos, pero a realidade é complexa. Lévese o galego ao estranxeiro, mentres aquí medra o desuso da lingua. Basta sentarse diante dunha escola para ver que ninguén fala galego. A pluralidade cultural está. Houbo libros, editoriais, xente que fixo un traballo inmenso: dende Galicia distribuíronse libros para Estados Unidos e América Latina, houbo empresarios e editores galegos moi importantes no exterior.

– En Nova York fundou o colectivo Celso Emilio Ferreiro. Que buscaban con esa iniciativa?

– Cando un emigrante chega a un país, o primeiro é buscarlle a comunidade. Ao chegar a Nova York pensei que podía facer unha labor positiva dentro dun centro galego. Para nós, Celso Emilio Ferreiro era o gran poeta social de Galicia, tamén emigrante, e pareceunos o nome perfecto. Simplemente xuntabámonos e faciamos actividades. Organizamos, por exemplo, unha gran conferencia sobre Celso Emilio e unha lectura da súa poesía en galego, castelán e inglés. Fixemos tamén homenaxes a Rosalía, lecturas de Miguel Hernández...

– En que proxectos está a traballar agora?

– Vén de saír *Eva y la manzana*, unha antoloxía bilingüe da miña poesía erótica e amorosa. Ademais sigo colaborando con poetas de Nova York e de Andalucía, e participando en diversas lecturas. E tamén estou a insistir na idea dunha colección de autores da diáspora galega, que considero necesaria e urxente.

– Que lle gustaría que sentise ou descubrira un neno —ou un adulto— ao ler os seus libros?

Gustaríame que quen lea un libro meu chegue a ese mensaxe, que é moi sinxelo: defender a lingua, defender a humanidade. Gustaríame que, quen mire o meu nome nun libro, vexa unha persoa que leva unha mensaxe, nada máis. Se algo quero deixar é a idea de que a lingua é identidade, que a cultura non é un luxo senón unha necesidade, e que sen humanidade non hai futuro.